



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito do traballo e da seguridade social

Materia	Dereito do traballo e da seguridade social			
Código	V03G720V01411			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS 9	Sinale OB	Curso 4	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Cabeza Pereiro, Jaime			
Profesorado	Cabeza Pereiro, Jaime			
Correo-e	jcabeza@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta asignatura se aborda amplamente as institucións de Dereito do Traballo, con particular atención ao contrato de traballo. Tamén se trata o Dereito Colectivo, con énfase na liberdade sindical nos dereitos de participación, negociación e conflito, ademáis do dereito de folga. E descríbese someramente o réximen español de Seguridade Social.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer, comprender, interpretar e analizar criticamente as principais institucións e fontes do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.	A1
Coñecer e interpretar a regulación básica do contrato de traballo.	A2 A3
Coñecer e interpretar as institucións de Dereito colectivo do Traballo.	A2 A3
Coñecer e interpretar as institucións de Seguridade Social.	A2 A3
Manexar acaídamente a lexislación laboral e de Seguridade Social	A3 A4 A5

Contidos

Tema

PARTE I.- INTRODUCCIÓN E FONTES

TEMA 1.- CONCEPTO E ÁMBITO APLICATIVO DA DISCIPLINA
 Presupostos configuradores. Especial referencia ao traballo [por conta allea] e a dependencia. O traballo na era dixital.
 O traballo autónomo. O Estatuto do Traballador Autónomo. O traballador autónomo economicamente dependente.
 Exclusiones legais. Traballos familiares e servizos benévolos. Conselleiros de sociedades. Funcionarios públicos e demais persoal estatutario.
 Prestacións persoais obrigatorias. Transportistas.
 Relacións laborais de carácter especial. Persoal de alta dirección e asimilados. Servidores do fogar familiar. Penados nas institucións penitenciarias. Deportistas profesionais. Artistas en espectáculos públicos. Representantes de comercio. Similitude e diferencias cos axentes mercantís. Traballadores diminuídos en centros especiais. Avogados en despachos profesionais. Médicos residentes. Outras. Referencia a traballos singulares. Especial consideración ás sociedades laborais e ás cooperativas de traballo asociado.

(*)TEMA 2. FUENTES DEL DERECHO DEL TRABAJO. TEMA 2. FONTES DO DEREITO DO TRABALLO.

Lexislación estatal. A Constitución.- Normas con rango de lei.- Regulamentos.- Normativa das Comunidades Autónomas.- O ámbito de aplicación da Lei do Reino de España. O Regulamento Comunitario 593/2009 (Roma I). O art. 1.4 ET.
 Normas colectivas. O convenio colectivo. Concepto.- O art. 37 da Constitución. Eficacia do convenio.- Tipoloxía de convenios. Remisión.
 Lexislación supraestatal. Tratados bilaterais e multilaterais.- Convenios e recomendacións da OIT.- Normativa do Consello de Europa. Normativa da Unión Europea.
 Outras fontes. Usos e costumes profesionais.- A xurisprudencia e a doutrina xudicial.- Os principios xerais do dereito.- Principios laborais: Respeto aos mínimos, norma máis favorable, condición máis beneficiosa, irrenunciabilidade de dereitos, pro operario.- O Dereito común.

PARTE II. A RELACIÓN INDIVIDUAL DE TRABALLO

TEMA 3. O CONTRATO DE TRABALLO.

Concepto.- Partes: traballador e empresario.- Capacidade do traballador. A idade.- Estranxeiros e nacionais de Estados membros da Unión Europea.- Nulidade do contrato.- Forma. Presunción de contrato. Copia básica e dereitos de información e transparencia do traballador.- Período de proba.

TEMA 4. INTERMEDIACIÓN, EMPREGO, FOMENTO DO EMPREGO E RELACIÓNS TRIANGULARES DE TRABALLO.

A política de emprego: contido e aparello institucional. Intermediación. Servizos públicos de emprego e axencias de colocación.
 Fomento do emprego. Subvencións e bonificacións. Relacións triangulares de traballo. A descentralización productiva.
 Concepto e tipoloxía.- Contratas e subcontratas. Responsabilidade laboral, administrativa e de Seguridade Social. Dereitos informativos.- Cesión de traballadores e tráfico de man de obra.- Empresas de traballo temporal. Requisitos. Contrato de posta a disposición. Contrato de traballo.
 Relación do traballador coa empresa usuaria.- Sucesión da empresa.
 Concepto. Responsabilidades solidarias. Facultades dos representantes legais.

TEMA 5. MODALIDADES DE CONTRATO DE TRABALLO.

Contratos indefinidos. Fixo
 discontinuo. Contratos formativos. Os dereitos formativos. Contrato para a formación e aprendizaxe.- Contrato en prácticas. Contratos temporais estruturais. Obra ou servizo determinado.-
 Eventual.- Interinidade. Reglas xerais aplicables a todos os contratos temporais
 De relevo.- En empresas de inserción. Contrato a tempo parcial. Concepto. Forma.- Voluntariedade. - Horas complementarias.
 Traballo a distancia e teletraballo.

TEMA 6. OBRIGAS DO TRABALLADOR.

Prestación do traballo.- Dilixencia e rendemento normal.- Obediencia e desobediencia lexítima.- A non concorrencia. Pactos de exclusividade e de permanencia.

TEMA 7. DEREITOS BÁSICOS DO TRABALLADOR.

Respeto á súa dignidade e igualdade de tratamento.- Dereito a intimidade.- O acoso por razón de sexo e o acoso sexual. O acoso moral.- Non discriminación por razón de sexo. Discriminacións directas e indirectas.- Dereito a intimidade- Ocupación efectiva.- Formación e promoción profesionais.

TEMA 8. A RETRIBUCIÓN.

Concepto. Clases de salarios. Non discriminación por razón de sexo. Presunción de salario.- Percepcións non salariais.- Estrutura salarial. Salario base e complementos salariais.- Salario mínimo interprofesional.- Absorción e compensación.- Gratificacións extraordinarias.- Pagamento do salario. Mora e anticipos. Documentación.- Aseguramento do pagamento. O Fondo de Garantía Salarial. Os cretos salariais preferenciais. En caso de concurso. Protección procesal común do salario. Inembargabilidade.

TEMA 9. A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E OUTROS DEBERES DO EMPRESARIO.

A prevención de riscos laborais. A LPRL e a súa normativa de desenvolvemento.- Dereitos e obrigas.- Servizos de Prevención.- Consulta e participación dos traballadores.- Responsabilidades. Outros deberes do empresario .

TEMA 10. TEMPO DE TRABALLO

Regulación da xornada de traballo ordinaria. Xornada máxima.- Tempos de traballo e tempos de descanso.- Desconexión dixital.- Xornadas especiais. Horas extraordinarias.

Distribución do tempo de traballo e do descanso. O calendario laboral.- O horario.- Rexistro de xornada. Traballo nocturno e a quendas.- Descansos semanais e festivos.- Vacacións anuais.- Permisos e outras ausencias do traballo.- Xornada e conciliación da vida familiar e laboral.

TEMA 11. O PODER DE DIRECCIÓN DO EMPRESARIO E AS MODIFICACIÓNS DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO.

O poder de dirección do empresario. Concepto. Vixilancia e control empresarial da actividade laboral do traballador e o respecto aos dereitos fundamentais.

A clasificación profesional. O grupo profesional.- A categoría profesional e a equivalencia.- O encadramento e a polivalencia funcional. Mobilidade funcional. Horizontal e vertical. Límites. Mobilidade xeográfica. Traslados. Desprazamentos. Referencia aos desprazamentos transnacionais.Modificación sustancial das condicións de traballo. Modificacións individuais e colectivas. Período de consultas.

TEMA 12. SUSPENSIÓN DO CONTRATO. Concepto e efectos xerais. Reserva de posto e suspensión do salario.- Causas de suspensión: Mutuo acordo e causas válidamente consignadas no contrato.

Incapacidade temporal e incapacidade permanente. Nacemento, adopción e guarda con fins de acopión ou acollemento. Risco durante o

embarazo e lactación materna. Víctima de violencia de xénero. Privación de liberdade e prestacións persoais obrigatorias. Cargo público representativo e excedencia forzosa. Funcións sindicais.- Suspensións e reducións colectivas. Forza maior temporal e causas económicas, técnicas, organizativas e de produción. Folga e lockout. Suspensión disciplinaria. Excedencia para coidado de fillos e para coidado de familiares. Excedencia voluntaria.

TEMA 13. A EXTINCIÓN DO CONTRATO

Introducción. Concepto. Causas. O recibo de finiquito.Por cumprimento e por vontade das partes. Por causas válidamente pactadas.- Expiración do termo.- Por mutuo acordo. Por desaparición ou incapacidade dunha das partes. Por causas atinxentes ao empresario.- Por causas atinxentes ao traballador. Por vontade unilateral do traballador. Dimisión e abandono.- Resolución causal por decisión do traballador. Por vontade unilateral do empresario. O concepto de despedimento.- Tipoloxía.

TEMA 14. O DESPEDIMENTO.

O despedimento disciplinario e a potestade disciplinaria. Causas xustas (estatutarias e extraestatutarias).- Forma. Carta de despedimento, audiencia a delegados sindicais e expediente contradictorio. Outras.- Calificación e efectos. Procedente, improcedente e nulo.- O caso do despedimento tácito.- Outras sancións. Legalidade e tipicidade. Límites legais. Formalidades. Prescripción das infraccións.

O despedimento por causas obxectivas. Concepto e causas.- Requisitos e forma.- Calificación e efectos. O despedimento colectivo. Concepto e causas.- O procedemento de despedimento colectivo. Calificación e efectos

PARTE III. DEREITO COLECTIVO DO TRABALLO

TEMA 15. LIBERDADE SINDICAL E DEREITO DE ASOCIACIÓN EMPRESARIAL
A liberdade sindical. Concepto.- Ámbito subxectivo.- As asociacións empresariais como suxeitos excluídos.- Contido esencial e adicional.- Tutela da liberdade sindical.

Sindicatos e organizacións empresariais. Réxime xurídico.

Representatividade sindical e acción sindical. A maior representatividade e a suficiente representatividade.- A representatividade empresarial.

TEMA 16. PARTICIPACIÓN DOS TRABALLADORES E ACCIÓN SINDICAL NA EMPRESA

Representación estatutaria. Delegados de persoal e comités de empresa.- Comité conxunto e comité intercentros.- Comités de empresa europeos.- Competencias dos representantes. Garantías e prerrogativas. Procedemento electoral.

Representación sindical. Seccións sindicais e delegados sindicais.

Asamblea de traballadores.

Asembleas de traballadores.

TEMA 17. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA SUXEITOS NEGOCIADORES E ÁMBITOS PERSOAL, FUNCIONAL, TERRITORIAL E TEMPORAL.

A lexitimación para negociar e as unidades de negociación.- A

concorrenza de convenios.- Duración e sucesión de convenios.-

O proceso de negociación dos convenios. Solicitud de negociación e

constitución da comisión negociadora.- Validez. Forma, rexistro e publicación dos convenios.- Control da ilegalidade ou lesividade. Adhesión e extensión. O contido dos convenios e a súa administración. Contido mínimo.- Contido normativo e obrigacional.- Interpretación e aplicación do convenio. Inaplicación.

A negociación colectiva extraestatutaria.- Os acordos de empresa.

TEMA 18. O DEREITO FUNDAMENTAL DE FOLGA. CONFLICTOS COLECTIVOS E PROCEDEMENTOS DE SOLUCIÓN

Medidas de conflito colectivo. O dereito de folga. Concepto. Fontes reguladoras. Titularidade. convocatoria, comité de folga e publicidade.

Límites: folgas ilegais e folgas ilícitas ou abusivas. Procedemento de desenvolvemento. Efectos. Folgas en servizos esenciais.- O peche patronal.

Sistemas de solución de conflitos colectivos. Especial referencia aos procedementos de conciliación, mediación e arbitraje e ao procedemento de conflito colectivo.

PARTE IV.- SEGURIDADE SOCIAL

TEMA 19. O SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL.

Estrutura do sistema de Seguridade Social. O modelo constitucional de Seguridade Social.- Nivel profesional ou contributivo.- Nivel asistencial ou non contributivo. Prestacións- Réxime Xeral e Réximes Especiais da Seguridade Social. Xestión da Seguridade Social. Entidades xestoras e servizos comúns.- Entidades colaboradoras.

Actos de encadramento. Inscripción, afiliación, altas e baixas.

Financiamento do Sistema de Seguridade Social. En particular, no Réxime Xeral. O deber de cotización. Bases, tipos e cuotas

TEMA 20. A ACCIÓN PROTECTORA NO RÉXIME XERAL DE SEGURIDADE SOCIAL.

Riscos profesionais e riscos comúns. Accidente de traballo, enfermidade profesional, enfermidade común e accidente non laboral. Referencia ao risco durante o embarazo, á lactancia natural e ao coidado de menores con cancro ou enfermidade grave.

Tipoloxía e extensión da acción protectora. Definición, requisitos de acceso e contía: Asistencia sanitaria. Incapacidade temporal. Nacemento e coidado do menor. Risco durante o embarazo e a lactancia e cancro ou enfermidade grave de menor. Exercicio corresponsable do coidado do lactante. Incapacidade permanente. Xubilación.

Morte e supervivencia. Protección á familia. Desemprego.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	23	44	67
Lección maxistral	51	28	79
Exame de preguntas obxectivas	2	31	33
Práctica de laboratorio	1	23	24
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Estudo de casos	Formulación e resolución de casos prácticos ao fin de levar á práctica os contidos teóricos da materia. Para ese efecto, o docente proporá ao alumnado a resolución de feitos, supostos, casos, sentenzas, etc., coa finalidade de coñecerlos, interpretalos, resolvelos, así como reflexionar sobre os mesmos, contrastar datos, completar os seus coñecementos e adestrarse en procedementos alternativos de solución de conflitos.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos da materia obxecto de estudio, as súas bases teóricas e directrices principais, contidos que deberán ser estudados polo alumnado e que serán obxecto de avaliación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Tanto na lección maxistral como no estudo de casos levaráanse a cabo entrevistas, conversacións e aclaración de dúbidas que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades na que se estrutura a materia e do proceso de aprendizaxe.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Durante o cuatrimestre se realizarán 2 probas tipo test/cuestionarios sobre unha parte dos contidos teóricos da materia. A cualificación obtida en cada test suporá un 15% da nota final. En ningún caso a superación destes cuestionarios liberará de materia de cara á realización do examen final. As datas de celebración de cada test/cuestionario serán fixadas polo docente no cronograma da materia. Para acceder aos exames tipo test faise necesario participar activamente nas clases teóricas e prácticas.	30	A1 A2
Práctica de laboratorio	Os contidos prácticos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase dunha proba/examen práctico consistente na resolución, por escrito, dun suposto/caso práctico no que o alumnado aplicará os coñecementos prácticos adquiridos durante o cuatrimestre. A cualificación obtida nesta suporá o 20 % da nota final.	20	A2 A3 A4 A5
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos teóricos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase dunha proba teórica e escrita, que incluírá entre 4 e 7 preguntas de desenvolvemento -breve ou medio- sobre os distintos epígrafes do programa. O alumnado deberá demostrar a adquisición de coñecementos teóricos da materia en respostas de extensión intermedia. A cualificación obtida nesta proba suporá o 35 % da nota final.	35	A1 A2

Resolución de problemas e/ou exercicios	A participación e intervención nas clases teóricas e prácticas, a preparación dos supostos prácticos ou das sesións teóricas, cando así proceda, a asistencia a actividades formativas organizadas pola Área de Dereito do Traballo e, en xeral, calqueira actividade desenvolvida polo alumnado ao marxe das probas obxectivas parciais e finais, serán avaliados polo docente durante todo o cuatrimestre, tendo un valor sobre a cualificación final do 15%. EN TODO CASO, PARA QUE A CUALIFICACIÓN FINAL OBTIDA NA PARTICIPACIÓN EN CLASE E NAS PROBAS TIPO TEST POIDA SUMARSE Á CUALIFICACIÓN OBTIDA NAS PROBAS FINAIS DE RESPONSA LONGA E DE CASO PRÁCTICO, NESTAS DÚAS ÚLTIMAS PROBAS DEBERÁ ALCANZARSE UNHA NOTA MEDIA DE 4.00 SOBRE 10 POSIBLES. DE NON SER ASÍ, A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA EVALUACIÓN CONTINUA NON SE TERÁ EN CONTA, AINDA QUE PODERÁ CONSERVARSE PARA A CONVOCATORIA DE XULLO	15	A1 A2 A3 A4 A5
---	--	----	----------------------------

Outros comentarios sobre a Avaliación

CONVOCATORIA ORDINARIA DECEMBRO/XANEIRO (sistema de avaliación continua/sistema de avaliación final)

a) Avaliación continua. Ao comenzo do curso, o alumnado deberá manifestar a súa vontade de someterse ao sistema de avaliación continua. Para poder optar por este sistema, deberá acreditar asistencia ao 80 % das clases prácticas. En caso contrario, sempre poderá acollerse ao sistema de avaliación final.

b) Avaliación final. Os alumnos que non se acollan ao sistema de avaliación continua, serán avaliados nun exame final. Trátase dunha proba escrita, de carácter teórico e práctico, sobre todos os contidos da materia e representará o 100% da nota final (a parte teórica representará un 70 por 100 da nota, e a parte práctica un 30 por 100).

CONVOCATORIA ORDINARIA DO MES DE XULLO: Se o/a alumno/a non superase a materia na convocatoria ordinaria do mes de decembro, a nota obtida na avaliación continua desenvolvida durante o curso conservarase para a convocatoria do mes de xullo. Porén, se non superase a materia nas dúas citadas convocatorias do curso académico, o/a alumno/a terá que someterse un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA Na convocatoria FIN DE CARREIRA o alumno será avaliado nun único examen escrito, de carácter teórico e práctico, que representará o 100 por 100 da nota final (a parte teórica representará un 70 por 100 da nota, e a parte práctica un 30 por 100). As datas de exame son aprobadas pola Xunta da Facultade e publicadas na web da Faculta

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

CRUZ VILLALÓN, J, **Compendio de Derecho del Trabajo**, última,

MARTÍN VALVERDE, A., RODRÍGUEZ-SANUDO GUTIÉRREZ, F. A y GARCÍA MURCIA, J., **Derecho del Trabajo**, última,

Compendio de legislación laboral,

Bibliografía Complementaria

ALONSO OLEA, M. y CASAS BAAMONDE, M^a E., **Derecho del Trabajo**, última,

AA.VV. (dir. GARCÍA NINET, I.), **Derecho del Trabajo**, última,

PALOMEQUE LÓPEZ, M.C. y ÁLVAREZ DE LA ROSA, M., **Derecho del Trabajo**, última,

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS:

No caso de que as condicións sanitarias obriguen a suspender a docencia presencial, continuarase a docencia de maneira virtual a través da plataforma de Teledocencia Faitic e das aulas virtuais da Universidade de Vigo. Na medida do posible os contidos da materia non se alterarán e, se fose necesaria bibliografía adicional, o profesorado a porá a disposición do alumnado en Faitic. Os estudantes serán atendidos de maneira personalizada a través do correo electrónico ou ben de titorías virtuais.

ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN:

A avaliación poderá ser adaptada, tendo sempre en conta o obxectivo de favorecer a aprendizaxe do alumnado. As adaptacións dependerán do momento no que se produza a cancelación da docencia presencial. En todo caso, conservaranse as notas obtidas en probas presenciais ou ben na asistencia e participación nas clases.
